



Expediente:2023/SUBCC/000011

RESOLUCIÓN APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS QUE REXERÁN O VI PREMIO MARÍA VICTORIA MORENO DE LITURATURA XUVENIL

RESOLUCIÓN:

I- ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data 25/05/2023 a Concelleira do Servizo de Persoal e Cultura, co finalidade de dinamizar e fomentar a lectura e a promoción do uso do idioma galego como unha actividade de interese social, dita Providencia para que se inicie o expediente que estableza as bases e convocatoria do VI premio de Literatura Xuvenil María Victoria Moreno no ano 2023, dirixido á poboación en xeral.

Segundo.- En cumprimento da dita providencia, o Servizo de Infraestruturas Culturais elaborou un proxecto de bases e convocatoria para a concesión do premio de Literatura Xuvenil María Victoria Moreno.

Terceiro.- Remitido o expediente á Intervención Xeral Municipal, fiscalízase o expediente de conformidade, facendo unha observación que ten a consideración de incumprimento esencial conforme á base 81.3 das Bases de execución do orzamento, indicando o dito órgano que procede se continúe a tramitación deste.

Así mesmo, este servizo informa que o gasto poderá ser contabilizado con cargo á aplicación 2023-09-3342-48100 e operación 12023000033364, por importe de 4.000,00 €.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Os artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que o Municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo competencias nos termos da Lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras materias, nas de actividades ou instalacións culturais e neste mesmo sentido, os artigos 28 de Lei 7/85 y 86.1 a) y b) da Lei 5/97 determinan que os concellos poidan realizar actividades complementarias das propias de outras Administracións públicas como é, en particular, a cultura.

2.- Las bases se redactan bajo la vigencia de la Ordenanza Xeral de Subvencións del Ayuntamiento de Pontevedra, aprobada en el Pleno de la Corporación Municipal, en la sesión que tuvo lugar el día 17 de septiembre de 2004 y publicada, conforme lo dispuesto en la legislación de régimen jurídico establecido por la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones (LGS en adelante).

3.- Consonte o disposto no art. 124.4n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o art. 36.3 da OXS establece que a competencia para a concesión de premios e subvencións é da Alcaldía,





sempre que o seu importe total non supere 12.020,24 € e, no caso contrario, da Xunta de Goberno Local.

A dita competencia da alcaldía atópase delegada no concelleiro delegado da área de Dinamización Social e Cultural, por Decreto de 17 de xuño 2023.

4.- Conforme ao disposto nos arts. 124.4n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 21.1c) do Regulamento orgánico do goberno e da administración, aprobado polo Pleno da corporación o 21.10.2005, corresponde á Alcaldía a autorización e disposición dos gastos en materia da súa competencia e a ordenación dos pagamentos. Esta competencia foi delegada no concelleiro de goberno responsable da área de Economía e Facenda, por decreto da Alcaldía de 17 de xuño 2023.

En base ao exposto, unha vez informada a existencia de crédito pola Oficina de xestión orzamentaria e contabilidade e tida en conta a observación manifestada pola Intervención Xeral municipal, que informa o expediente de conformidade, resólvese:

Primero.- Incluir no PES para o período 2023/2026, en tramitación, a liña estratéxica de subvencións para o Premio de Literatura Xuvenil María Victoria Moreno, co obxectivo de dinamizar e fomentar a lectura e a promoción do uso do idioma galego como unha actividade de interese social.

Segundo.- Aprobar as bases e a convocatoria pública do VI Premio de Literatura Xuvenil María Victoria Moreno 2023, contidas nos documentos cos CSV 2O0RDHFHZ7SVJEU e 3LIXIVDKPIJFE5OL.

Terceiro.- Autorizar e aprobar o gasto polo importe da liña de subvencións fixada e con cargo á operación contable da aplicación orzamentaria do exercicio vixente, de conformidade co seguinte detalle:

Código aplicación	Nome aplicación	Operación	Importe
2023-09-3342-48100	Premios Salón do Libro	12023000033364	4.000,00 €

Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

